

PARA QUE NON ME ESQUEZAS

FICHA TÉCNICA

Título orixinal: PARA QUE NO ME OLVIDES (2004)

Directora: Patricia Ferreira

guión: Virginia Yagüe, Patricia Ferreira

productor: Pancho Casal

productora asociada: Carmen de Miguel

director de fotografía: Marcelo Camorino

montaxe: Carmen Frías

SIPNOSE

Irene vive co seu fillo, David, un rapaz estudante de arquitectura, e co seu pai, Mateo, un vello vitalista malia a súa trágica historia: Mateo era case un neno durante a Guerra Civil e na represión posterior á contenda perdeu a súa casa e a toda a súa familia.

David atopou a Clara, ou Clara atopouno a el, no hipermercado cercano no que ela é caixeira, e entre eles xurdiu non só o amor senón tamén a comprensión, a cumplicidade.

Fillo único dun matrimonio separado, David non pode evitar a hostilidade da súa nai cara a unha relación que ela cre que non lle convén, que pon en perigo o seu futuro persoal e profesional. Irene entrégase ao seu labor de dirección dun grupo teatral de invidentes, pero na casa ve abrirse unha falla que non sabe como superar.

O engarzamento de todos eles é Mateo, quizais pola súa idade, pola súa experiencia ou a súa bonhomía. Pensaríase que está afastado do mundo, pero só porque ese mundo é moito máis

amplo do que parece e nel ocupa un lugar esencial a recuperación da dignidade de aqueles que foron esmagados por unha guerra infame e un réxime implacable. Esas son as súas vidas, cercanas e recoñecibles. Ata que un día un feito inesperado vainas poñer decisivamente a proba e terán que aprender a vivir de novo descubriendo cada un deles o que non sabía dos demais.

COMENTARIO DA PELÍCULA

Estamos diante dunha magnífica película da xa consolidada directora galega Patricia Ferreira, despois de realizar as meritorias “*Sei quen es*” (2000), “*O alquimista impaciente*” (2002) e o documental “*El secreto mejor guardado*”, dentro do proxecto colectivo con UNICEF, titulado “*En el mundo a cada rato*” (2004).

Patricia Ferreira fixo en “*Para que non me esquezas*”, unha película certamente de sentimentos, que non sentimental, que apela directamente ó corazón, ós afectos, ás emocións, unha película triste, dura, fermosa, como a vida mesma, sobre un guión moi notable e sólido, feito en colaboración con Virginia Yagüe que, nalgúns momentos recorda a Kieslowsky.

É unha película sobre a memoria e tamén sobre o olvido, tanto sobre a memoria persoal, máis íntima, como aquela outra memoria que reclama xustiza, a chamada Memoria Histórica.

Con “*Para que non me esquezas*” podemos abordar co alumnado outros temas non menos relevantes, como son por exemplo, as relación entre nai e fillo, tensas por un sentido certamente posesivo e de protección mal entendida; a historia do avó, que tan presente ten a Guerra Civil, unha confrontación olvidada para vergoña das vítimas; a presenza da morte, non por inesperada menos real; as boas causas; a amizade; o amor e o namoramento; as relacións de parella; a vellez e as distintas formas de afrontala; a invidencia, una metáfora para aprender a mirar ós demais, para practicar a escoita activa, para coñecer realmente ós outros, aceptar as súas

diferenzas; ou para reflexionar sobre os novos modelos familiares, as distintas formas de relación entre as persoas, as separacións, o divorcio, a sexualidade...

Unha película que axuda a reflexionar sobre como vivir coa memoria, sobre a utilidade tamén de esquecer, sobre a conservación da memoria para vencer ó esquecemento, sobre a necesidade de investigar, como fan os personaxes da película, para coñecer, para descubrir... sobre os arquivos da memoria na nosa sociedade e a súa conservación.

Por último, unha película para aprender a superar os golpes da vida, porque como di o vello dito "*o que non mata, faiche máis forte*".

FICHA DE TRABALLO

1. Na película que acabas de ver escoitamos un bolero mexicano moi famoso, “*Historia de un amor*”, de Carlos Almarán. A continuación podes lelo e mesmo escoitalo, se consegués a gravación.

La Historia De Un Amor

Carlos Almarán. Bolero- México

Ya no estás más a mi lado, corazón

En el alma solo tengo soledad

Y si ya no puedo verte

Porque Dios me hizo quererte

Para hacerme sufrir más

Siempre fuiste la razón de mi existir

Adorarte para mí fue religión

Y en tus besos yo encontraba

El calor que me brindaba

El amor, y la pasión

Es la historia de un amor

Como no hay otro igual

Que me hizo comprender

Todo el bien, todo el mal

Que le dio luz a mi vida

Apagándola después

Ay que vida tan oscura

Sin tu amor no viviré...

2. Recomendámosche que accedás ós Extras do DVD da película. Alí atoparás unhas interesantes entrevistas cos protagonistas, con Patricia Ferreira, con Emma Vilarasau, que fan unha reflexión moi atinada sobre a memoria e o esquecemento, con Marta Etura e con

Roger Coma. ¿Que sabes da Memoria Histórica? ¿Que pensas sobre as Comisións creadas para a recuperación da memoria histórica en diversas comunidades autónomas? Cales son os seus obxectivos? Pensas que sería mellor esquecer os acontecementos que tiveron lugar durante a Guerra Civil e o franquismo? Explica con algún detalle a túa opinión e contrástaa cos teus compañeiros de aula. Coñeces algún caso de vítimas da represión durante a Guerra Civil ou no franquismo na túa familia ou no teu pobo?

3. Nos últimos anos , en Galicia e no conxunto do Estado, teñen aparecido ensaios, novelas e películas moi famosas sobre historias de fuxidos, represaliados, vítimas e perdedores da Guerra Civil. Poderías facer unha enumeración delas? Escolle unha para comentar; por exemplo, “*A lingua das bolboretas*” de José Luis Cuerda ou “*O lapis do carpinteiro*” de Antón Reixa, sobre textos de Manuel Rivas.
4. David é un brillante estudante de arquitectura e Clara, unha caixeira de supermercado. Dous mundos aparentemente moi distintos. Mais están namorados e deciden vivir xuntos. A nai de David tómao moi mal. Comprendes as razóns de Irene? Compártelas? Explica por que. Cales cres que son as maiores dificultades para que unha parella de mozos poidan vivir xuntos?